



2º EXERCICIO: PARTE ESPECIFICA

INSTRUCCIÓN:

1. - Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
2. Esta proba consiste nun cuestionario eliminatorio de supostos prácticos da parte específica do programa, de 100 preguntas tipo test con 10 de reserva (as 10 últimas, da E101 á E110), que deberán ser contestadas entre os números **E1** e **E110**, no corpo principal da "FOLLA DE RESPOSTAS".
3. - O tempo total de realización do exercicio, é de **150 minutos**.
4. - Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
5. - Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
6. - Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.

8. - Ao rematar o seu exercicio, no suposto de que non teña que realizar o exercicio de lingua galega, advírtao á organización para a súa recollida. Debe entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS", no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto **NON** poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame. Se ten que realizar o exercicio de lingua galega, permaneza no seu lugar. Ao finalizar o exercicio, garde este cuestionario no chan, baixo o seu asento e espere as indicacións para realizar a continuación o outro exame, en unidade de acto.

***LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS QUE FIGURAN NO REVERSO
DA FOLLA DE RESPOSTAS PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO***

EXAME EN GALEGO

1. A nivel histopatolóxico, con que entidade clínica se relaciona a presenza de folículos de Köster?

- A) Tuberculose.
- B) Lepra.
- C) Actinomicose.
- D) Sífilis.

2. En canto ao concepto de carie que afirmación é falsa:

- A) Inicialmente é reversible e pode ser detida en calquera estadio da súa evolución.
- B) É un proceso continuo de enfermidade con diferentes estadios.
- C) A carie dental pódese desenvolver en calquera superficie do dente que teña placa bacteriana, pero a presenza de placa non leva necesariamente á enfermidade.
- D) Todas son certas.

3. Entre os desordes inflamatorios do complexo articular, atópanse:

- A) Sinovite, capsulite, artrite e desprazamento discal.
- B) Sinovite, capsulite, artrite, retrodiscite e contractura muscular miostática.
- C) Sinovite, capsulite, artrite, retrodiscite e tendinite do temporal.
- D) Todas as respostas son incorrectas.

4. En canto aos programas de protección radiolóxica nas clínicas dentais sinala a afirmación falsa:

- A) Se non existe dosímetro persoal na roupa de traballo é obrigatorio realizar unha dosimetría de área durante a exposición da radiación.
- B) Os gabinetes onde existan aparatos de raios deben ser clasificados en función do risco de exposición en zonas controladas e zonas vixiadas.
- C) Os traballadores deben clasificarse segundo a súa exposición en categorías.
- D) Todas son verdadeiras.

5. Son causas de absceso periodontal:

- A) Enfermidade periodontal inflamatoria.
- B) Perforación ou fractura dentarias.
- C) Impactación de corpos estraños.
- D) Todas o son.

6. Cal é a principal razón das extraccións dentarias?

- A) Mala hixiene oral.
- B) As caries e as súas secuelas.
- C) A periodontite.
- D) Tabaquismo.

7. O test de Richmond é:

- A) O test que permite valorar a dependencia física á nicotina.
- B) O test utilizado para avaliar a motivación do paciente para abandonar o hábito tabáquico.
- C) O test que se utiliza para medir os niveis de tiocinato en aqueles pacientes que están en proceso de cesación tabáquica.
- D) Todas as respostas son falsas.

8. A anestesia xeral:

- A) Incrementa a supresión inmunolóxica.
- B) Representa un factor de risco que aumenta a prevalencia e a duración de bacteriemias.
- C) As complicacións postoperatorias son máis frecuentes que con anestesia local.
- D) Todas son certas.

9. En canto aos fundamentos biolóxicos da terapia pulpar vital sinale a afirmación falsa:

- A) Cando a agresión á polpa é tan intensa que provoca a morte dos odontoblastos, as células nais pulpares diferéncianse en neodontoblastos que forman dentina terciaria reparativa.
- B) Os ácidos formados durante o ataque cariOSO, así como o hidróxido de calcio e os materiais biocerámicos a base de silicato cálcico, liberan moléculas bioactivas que estimulan ás células nais pulpares a diferenciarse en neodontoblastos e formar dentina terciaria reactiva.
- C) As prolongacións odontoblásticas próximas ao estímulo agresivo forman dentina peritubular. A dentina vólvese hipercalcificada e denomínase dentina esclerótica.
- D) Cando unha agresión á polpa é leve ou moderada, se non se produce a morte dos odontoblastos estes estímúlanse e forman dentina terciaria reactiva a unha velocidade similar á dentina primaria.

10. Sobre a aplicación tópica de flúor na U.S.B. e a súa toxicoloxía que resposta é correcta:

- A) Hai que empregar xeles tixotrópicos que dificulten o rebasamento cando se utilizan en cubetas.
- B) Os xeles con cubetas están contraindicados en nenos menores de 6 anos.
- C) Para nenos pequenos a dose tóxica probable é de 5 mg de fluoruros por quilogramo de peso corporal.
- D) Todas son verdadeiras.

11. Sobre as manifestacións orais que presentan os pacientes con leucemia, sinale a resposta incorrecta:

- A) Presenta ulceracións extensas en mucosa oral segundo avanza a enfermidade.
- B) Dependem do tipo de leucemia.
- C) Poden cursar coa enfermidade Inxerto contra Hóspede, con reaccións liquenoides, tumoracións.
- D) Poden aparecer cloromas a nivel oral nos estadios iniciais.

12. Acode a consulta á U.S.B. á primeira hora da mañá un paciente diabético tipo I que perde o coñecemento antes do procedemento dental. O acompañante indícanos que se puxo a súa insulina pero non almorzou. Cal sería a actitude para seguir:

- A) Inxectar 1 vial de glucagón.
- B) Darlle unha bebida azucrada.
- C) Inxectarlle de novo insulina.
- D) Todas as respostas son falsas.

13. Dentro das lesións macroscópicas sólidas da mucosa oral non se atopan:

- A) Vexetación.
- B) Pústula.
- C) Nódulo.
- D) Goma.

14. Nun paciente con infección VIH, como norma deberanse realizar os tratamentos odontolóxicos cando:

- A) A súa cifra de linfocitos CD4 sexa maior a 500 cel/ml³.
- B) A súa cifra de linfocitos CD8 sexa maior de 500 cel/ml³.
- C) Non se realizarán tratamentos odontolóxicos cando as cifras de CD4 sexan menores a 200 cel/ml³.
- D) Son correctas as respostas A e C.

15. Son indicación de odontosección as exodoncias de:

- A) Dentes multirradiculares con raíces diverxentes.
- B) Dentes unirradiculares con raíces incurvadas.
- C) Dentes incluídos.
- D) Todas o son.

16. A alveolite:

- A) Aadoita ser unha complicación inmediata da exodoncia.
- B) É a complicación infecciosa máis común das exodoncias.
- C) Aadoita aparecer ás 48–72 horas despois da exodoncia.
- D) B e C son correctas.

17. Cal é a sutura de elección na cirurxía de cordais?

- A) Continua simple.
- B) Puntos de colchoeiro.
- C) Puntos suspensorios.
- D) Puntos simples.

18. Nun paciente que presenta úlceras orais e xenitais recorrentes e lesións a nivel ocular, debemos pensar en:

- A) Síndrome de MAGIC.
- B) Síndrome de MARSHALL.
- C) Síndrome de BEHÇET.
- D) Síndrome de SWEET.

19. En canto á fluorose dental que afirmación é falsa:

- A) Segundo a clasificación de Dean a fluorose moderada caracterízase por franxas brancas ou placas que se estenden sobre a superficie do dente abarcando menos do 50% da devandita superficie.
- B) A fluorose ten unha relación lineal dose–resposta.
- C) En estudos recentes determinouse que o aumento de fluorose dental está altamente relacionada co uso de pasta fluorada antes dos dous anos.
- D) Os dentes que se afectan por fluorose aparecen simetricamente na arcada e comprometen dentes homólogos.

20. Señala a resposta falsa sobre o diastema interincisal superior:

- A) Debe extirparse ós 6–7 anos para evitar complicacions posteriores
- B) Pode deberse á presenza dun mesiodens
- C) Pode ser hereditario
- D) Pode elevar o vermellón e provocar un labio superior corto

21. A presenza dun tumor a nivel labial, maior de 4 cm, que invade óso cortical, con metástase nun ganglio linfático de máis de 6 cm, sen extensión extranodal clínica, e con presenza de metástase a distancia, con que estadio TMN clínico se correspondería?

- A) T4a N3a M0.
- B) T4b N3a M1.
- C) T4a N3a M1.
- D) T3 N3a M1.

22. Señala a resposta falsa sobre a dentina esclerótica (hipercalcificación tubular):

- A) É unha forma defensiva da dentina.
- B) A caries é unha das súas causas.
- C) Poden ser resultado de axentes traumáticos como contactos prematuros ou procesos abrasivos.
- D) É máis radiolúcida.

23. En canto ao International Carie Detection Assessment Systems (ICDAS) que afirmación é falsa:

- A) É un sistema con dous díxitos. O primeiro fai referencia ao estado da superficie dental e o segundo ao estado respecto a carie.
- B) Só ten criterios para o dente seco.
- C) O diagnóstico contempla diferentes etapas evolutivas.
- D) Establece criterios de carie radicular.

24. En canto ás guías de tratamento da periodontite en estadios I–II da Federación Europea de Periodoncia e a súa adaptación a España que medida non se utiliza na 1ª fase de tratamento:

- A) Control de factores de risco: tabaco, control de diabetes, exercicio físico.
- B) Desenvolvemento de habilidades para a eliminación do biofilm dental e modificalas segundo necesidades.
- C) Uso de axentes microbianos subxinxivais coadxuvantes de administración local.
- D) Limpeza profesional do biofilm e cálculo supraxinxival.

25. Na artrite da articulación témporomandibular, sinala a resposta correcta:

- A) A máis frecuente é a osteoartrite ou artropatía dexenerativa.
- B) Pode evolucionar a condromalacia.
- C) A crepitación articular é un signo frecuente.
- D) Todas as respostas son verdadeiras.

26. A relación molar clase I de Angle, caracterízase por:

- A) A cúspide mesiobucal do primeiro molar mandibular contacta coa área da fosa central do primeiro molar maxilar.
- B) Cada dente mandibular oclúe co antagonista correspondente e co dente mesial adxacente.
- C) A cúspide distovestibular do primeiro molar mandibular oclúe no espazo interproximal que hai entre o segundo premolar e o primeiro molar maxilar.
- D) Todas as respostas son falsas.

27. Sinale a resposta falsa:

- A) En casos de inflamación ou infección podemos diferir o tratamento odontolóxico.
- B) Debemos inxectar o anestésico o máis rápido posible.
- C) É recomendable que a temperatura do anestésico oscile entre 25 e 30°C.
- D) En pacientes con tratamento anticoagulante desaconséllase bloqueos anestésicos troncais.

28. Das seguintes entidades, cal está en relación cun maior risco potencial de desenvolver cancro na cavidade oral?

- A) Disqueratose conxénita.
- B) Anemia de Fanconi.
- C) Síndrome de Plummer-Vinson.
- D) Todas elas.

29. Acode a consulta unha nena de 8 anos á que clasificamos previamente como de alto risco de carie. Cando aplicamos verniz de flúor nas revisións que nivel de prevención estamos a traballar:

- A) Prevención terciaria de 4º nivel.
- B) Prevención primaria de 1º nivel.
- C) Prevención primaria de 2º nivel.
- D) Prevención secundaria.

30. En qué situación debo prescribir un tratamento antibiótico:

- A) En perimplantitis.
- B) En pulpitis irreversible asintomática
- C) En pericoronaritis con afectación rexional
- D) En todos os casos.

31. Dentro dos novos fármacos anticoagulantes ACOD non se atopan:

- A) Dabigatran.
- B) Ribaroxaban.
- C) Ácido tranexámico.
- D) Edoxaban.

32. Cal é o tipo clínico máis frecuente da pigmentación das papilas funxiformes?

- A) Tipo I.
- B) Tipo II.
- C) Tipo III.
- D) Todas elas presentan unha frecuencia similar.

33. En relación aos dentes supernumerarios sinala a resposta correcta:

- A) O máis frecuente é o mesiodens.
- B) Os supernumerarios múltiples poden estar asociados a síndromes coma o Síndrome de Gardner, a fisura labio-palatina.
- C) A hiperodoncia é máis frecuente no maxilar superior.
- D) Todas as respostas son correctas.

34. Cando un neno maior de seis anos acode a consulta e diagnosticado de risco extremo de carie, que actuacións segundo os protocolos máis aceptados deberíamos de aplicar entre outros:

- A) Revisión cada 3 meses, aletas de mordida cada 6 meses, verniz de fluor cada visita, enxuague diario de clorhexidina durante unha semana ao mes, xilitol en caramelos ou goma de mascar (6-10 gr /dia).
- B) Revisión cada 3 meses, aletas de mordida cada 6 meses, verniz de fluor cada visita, xilitol en caramelos ou gomitas de mascar (6-10 gr /dia).
- C) Revisión cada 3 meses, aletas de mordida cada 6 meses, verniz de fluor cada visita, enxuague diario de clorhexidina durante unha semana ao mes.
- D) Revisión cada 3 meses, aletas de mordida cada 12 meses, verniz de fluor cada visita, enxuague diario de clorhexidina durante unha semana o mes , xilitol en caramelos ou gomitas de mascar (6-10 gr /dia).

35. Que protocolo de actuación é o correcto para a prevención e control de complicacións orais nun paciente con cancro de cabeza e pescozo?

- A) Extremar medidas de hixiene, control da mucosite, evitar a sobreinfección por cándidas, dentífrico diario de 2500 ppm e cubetas individuais con xel de flúor a diario 5 minutos.
- B) Extremar medidas de hixiene, control da mucosite, dentífrico diario de 5000 ppm e cubetas individuais con xel de flúor a diario 5 minutos.
- C) Extremar medidas de hixiene, control da mucosite e evitar a sobreinfección por cándidas, dentífrico diario de 5000 ppm e cubetas individuais con xel de flúor a diario 5 minutos.
- D) Todas son incorrectas.

36. Paciente que acode a consulta cunha dor leve, xordo ao mastigar no dente nº 46. Presenta unha amálgama antiga con signos de filtración. A palpación, percusión e mobilidade son normais. Cal sería o seu diagnóstico:

- A) Pulpite irreversible sintomática.
- B) Pulpite reversible.
- C) Pulpite irreversible asintomática hiperplásica.
- D) Pulpite irreversible asintomática pechada.

37. Sinala a resposta incorrecta ante a perda dun dente superior definitivo por traumatismo:

- A) Si se trata dun paciente con bo alineamiento dentario, a menudo, o mantemento de espazo é o tratamento de elección.
- B) Nunha Clase III, a menudo, o mantemento de espazo é o tratamento de elección.
- C) Nunha Clase II-1, a menudo, o mantemento de espazo é o tratamento de elección.
- D) Nunha Clase II-2, a menudo, o mantemento de espazo é o tratamento de elección.

38. Non se inclúe no tratamento da sialorrea:

- A) Estimulación oral motora.
- B) Pilocarpina.
- C) Benzotropina.
- D) Benzhexol.

39. No tratamento da dor da mucosite secundaria a quimioterapia e/ou radioterapia NON resultaría útil utilizar:

- A) Crioterapia.
- B) Enxaugues bucais de morfina ao 0,2 %.
- C) Enxaugues bucais de doxepina ao 0,5 %.
- D) Enxaugues de clorhexidina ao 0,05 %.

40. En pacientes con Parkinson na consulta teranse en conta as seguintes consideracións (sinale a resposta incorrecta):

- A) As citas serán curtas preferiblemente de mañá, uns 90 minutos despois da toma da súa medicación.
- B) Pódense usar bloques de mordida durante os procedementos odontolóxicos para o control da mobilidade mandibular.
- C) Adoitan presentar xerostomía secundaria aos fármacos antiparkinsonianos.
- D) Poden presentar babeo e sialorrea secundaria aos fármacos.

41. NON é complicación dunha fractura de maxilar superior:

- A) Mordida aberta anterior
- B) Afectación do nervio facial
- C) Mucocele
- D) Cara aplanada

42. Sinale a resposta correcta sobre as sinartroses:

- A) A craniosinostose saxital correspóndese cun patrón dolicocefálico.
- B) A craniosinostose coronal bilateral provoca diminución da distancia ocular.
- C) A craniosinostose metópica caracterízase por cranio en bote.
- D) A fusión prematura dunha sutura cranial inhibe o crecemento do cranio en sentido paralelo á sutura.

43. O quiste non odontoxénico máis común da cavidade oral é:

- A) Quiste do conduto nasopalatino.
- B) Quiste palatino medio.
- C) Quiste dermoide.
- D) Quiste oral linfoepitelial.

44. Indica cal dos seguintes antibióticos non sería de elección na profilaxe da Endocardite Bacteriana nun paciente alérxico á penicilina:

- A) Azitromicina 500 mg.
- B) Claritromicina 500 mg.
- C) Clindamicina 500 mg.
- D) Cefalexina 2 g.

45. Á hora de realizar unha biopsia, é falso que:

- A) En caso de realizar unha biopsia escisional, debemos incluír ademais da totalidade da lesión, 2–3 mm de tecido san.
- B) A infiltración anestésica debe realizarse intralesionalmente.
- C) En lesións extensas con sospeita de malignidade, é preferible realizar unha biopsia incisional.
- D) Recoméndase realizar unha incisión fusiforme ou oval para favorecer a aproximación dos bordos mediante sutura.

46. O microorganismo causal máis frecuente da sialoadenitis aguda supurada é:

- A) Streptococo viridans.
- B) Staphylococo aureus.
- C) Streptococcus pyogenes.
- D) Streptococo agalacticae.

47. Sinale a resposta incorrecta ante un paciente que acode á consulta e presenta trombocitopenia:

- A) A púrpura na lingua, liña oclusal e nos labios é a manifestación oral máis frecuente.
- B) A púrpura pode manifestarse en forma de petequias, equímoses, vesículas hemorráxicas ou hematomas.
- C) Nas formas graves de trombocitopenia, aconséllase dieta blanda ou semisólida.
- D) O tratamento odontolóxico pódese realizar con recontos plaquetarios menores de 60.000 plaq/mm³.

48. Que músculo mastigador NON intervéen durante o peche mandibular?

- A) Músculo Temporal.
- B) Músculo Masetero.
- C) Pterigoideo externo superior.
- D) Pterigoideo externo inferior.

49. En canto á garantía de certificar os procesos de esterilización sinale a resposta incorrecta:

- A) Indicadores químicos multiparamétricos (Clase 4) empréganse para verificar probas específicas do funcionamento dos esterilizadores como o Test Bowie–Dick.
- B) Os indicadores físicos están incorporados ao esterilizador e permiten visualizar se o equipo alcanzou os parámetros esixidos no proceso.
- C) Os indicadores biolóxicos basean o seu funcionamento no emprego de microorganismos proba.
- D) Os indicadores químicos de proceso (Clase 1) utilízanse unicamente para distinguir os elementos procesados dos non procesados.

50. En canto aos signos clínicos máis importantes segundo a localización, a profundidade e a actividade da carie, sinale a afirmación falsa:

- A) Nas superficies radiculares as lesións poden desenvolverse en calquera zona con acumulo de placa e adóitanse localizar na marxe xinxival na liña amelo–cementaria.
- B) Nas superficies libres a lesión de carie adoitan seguir o contorno da marxe xinxival e indicar alto risco de carie.
- C) Nas superficies oclusais a lesión non cavitada inactiva a súa aparencia é esbrancuxada, opaca e rugosa.
- D) Todas son certas.

51. Cando realizamos unha obturación, cal das seguintes afirmacións sobre os adhesivos é verdadeira:

- A) O primeiro é hidrofóbico.
- B) O Bonding é hidrofílico e aplícase en dentina polo seu contido en auga.
- C) A literatura científica recomenda capas adhesivas finas para obter mellor resultado en dentina.
- D) A literatura científica recomenda aumentar o grosor da capa para mellorar os valores de adhesión en dentina.

52. Son tumores benignos:

- A) Tumor de Pindborg.
- B) Tumor escamoso odontoxénico.
- C) Fibroma ameloblástico.
- D) Todas as respostas son correctas.

53. O déficit de Zinc pódese manifestar nas mucosas orais como:

- A) Adelgazamento das papilas filiformes.
- B) Úlceras orais.
- C) Deterioración da cicatrización.
- D) Todas as respostas son correctas.

54. Sinale a resposta correcta:

- A) En caso de exodoncias múltiples, comezaría polo maxilar superior.
- B) En caso de extraer dentes adxacentes, empezaría polo dente máis posterior.
- C) En xeral, o primeiro molar e o canino extraeríaos en último lugar.
- D) Todas son correctas.

55. Cal non é unha característica da candidiase oral hiperplásica?

- A) Obsérvanse placas ou nódulos esbrancuxados adheridos sobre unha área eritematosa.
- B) Preséntase cunha aparencia similar a unha leucoplasia non homoxénea.
- C) As lesións preséntanse como unha imaxe en espello a nivel de padal e dorso lingual.
- D) As lesións poden presentar diferentes graos de displasia epitelial.

56. Para a realización dunha microcirurxía apical baseándonos nos colgallos que se recomiendan hoxe en día, que afirmación é falsa:

- A) O colgallo intrasulcular de espesor total con 1 ou 2 incisións de descarga recoméndanse para o sector anterior.
- B) O colgallo submarxinal a incisión horizontal realízase en enxiva inserida.
- C) O colgallo intrasulcular segue o contorno do dente.
- D) O colgallo submarxinal segue o contorno da marxe xinxival aproximadamente a 3 mm.

57. En relación cos trastornos témporomandibulares, sinale a resposta correcta:

- A) Os trastornos musculares e os trastornos articulares presentan síntomas comúns.
- B) Os problemas musculares están estreitamente ligados con cambios nos niveis de estrés emocional.
- C) Cando a limitación de apertura mandibular é de orixe muscular, esta pode aparecer en calquera tramo do movemento de apertura.
- D) Todas as respostas son correctas.

58. Entre os achados histopatolóxicos do lique plano oral podemos atopar:

- A) Infiltrado inflamatorio en banda de linfocitos T.
- B) Presenza de corpos coloides o de Civatte.
- C) Fendas de Max-Joseph.
- D) Todas as respostas son certas.

59. Ante un paciente con diabetes tipo II na consulta, sinale a resposta falsa:

- A) A complicación máis frecuente na consulta dental é a hipoglucemia.
- B) Debemos asegurarnos antes de iniciar o tratamento dental que o paciente tomase a medicación hipoglucemiante e unha inxesta alimenticia adecuada.
- C) Como analxésico pódese recetar o ácido acetilsalicílico pero débese evitar a codeína.
- D) Ante un coma diabético non filiado tratarémolo sempre como un coma hipoglucémico.

60. Na síndrome de boca ardente é certo que:

- A) Os casos de remisión completa son frecuentes.
- B) Os pacientes presentan sensación de queimazón ou ardor durante polo menos un mes.
- C) É máis frecuente en homes adultos.
- D) Todas as respostas anteriores son falsas.

61. En relación ao exantema fixo medicamentoso é certo que:

- A) Debemos realizar un diagnóstico diferencial coa síndrome de Sweet.
- B) Entre os fármacos implicados na súa aparición atópase o acetaminofén.
- C) A suspensión do fármaco non mellora nin fai que desaparezan as lesións.
- D) As respostas A e B son certas.

62. En relación á papilite foliácea, é certo que:

- A) Existe induración á palpación.
- B) Preséntase con maior frecuencia en homes na sexta década da vida.
- C) Trátase dunha hiperplasia linfoide reactiva do anel linfático de Waldeyer.
- D) Na maioría dos casos produce sintomatoloxía.

63. Con respecto dos consentimentos informados nas historias clínicas estes deberanse conservar:

- A) Como mínimo ata que transcorran 5 anos desde a última asistencia prestada ao paciente ou desde o seu falecemento.
- B) Como mínimo ata que transcorran 10 anos despois da última asistencia prestada ao paciente ou desde o seu falecemento.
- C) Indefinidamente.
- D) Ningunha das anteriores.

64. Nena de 6 anos que se presenta en consulta cun dente nº 11 con carie profunda. Determínase que está necrótico e en radioloxía vese que ten o ápice inmaturo. O tratamento de elección sería:

- A) Apicoxénese.
- B) Apicoformación .
- C) Revascularización pulpar se se determina un estadio 3 de Cvek.
- D) As respostas B e C son certas.

65. Mozo de 20 anos con dor na zona 28. Á inspección, obsérvase unha ferida ulcerosa na mucosa xugal en localización posterosuperior á saída do conduto de Stenon. Que faría?

- A) Facerlle a biopsia.
- B) Remítila ao cirurxián para facerlle a biopsia.
- C) Comprobar que o 28 erupcionara cara a vestibular provocando a úlcera, e neste caso, puliría a cúspide causante da ferida e revisar nunha semana.
- D) Revisaría ao paciente en 15 días.

66. En canto ao diagnóstico diferencial da HIM (hipoplasia incisivo molar) sinala a resposta falsa:

- A) A HIM severa pódese confundir coa ameloxénese imperfecta aínda que se pode distinguir radiograficamente pola presenza na HIM de taurodontismo.
- B) En canto ao diagnóstico diferencial coa fluorose na HIM as opacidades son delimitadas e na fluorose difusas.
- C) A hipoplasia do esmalte pode recordar a unha HIM con todo, na hipoplasia os límites do esmalte son lisos.
- D) Todas son certas.

67. Ante un paciente que acode á consulta con tumefacción bilateral na rexión parotídea, sen características inflamatorias nin neoplásicas, que non asocia xerostomía nin relaciona coa inxesta e cuxo motivo principal de consulta é a deformidade facial, debemos pensar en:

- A) Sialolitiase.
- B) Sialoadenose.
- C) Papeiras.
- D) Síndrome de Sjögren.

68. A espiña de Spix sitúase:

- A) Aproximadamente a 2,5 cm da crista alveolar, en desdentados.
- B) Aproximadamente a 1,5 cm do plano oclusal, en adultos con dentes.
- C) No plano oclusal de molares temporais.
- D) Todas as respostas son correctas.

69. Na dentición permanente, marca a resposta verdadeira:

- A) Unha luxación intrusiva debe reducirse e inmovilizarse.
- B) Debemos reducir e inmovilizar sempre unha luxación extrusiva.
- C) As subluxacións deben ser reducidas.
- D) Todas son verdadeiras.

70. Na perda prematura da dentición primaria, que factores teremos en conta na decisión de colocar un mantedor de espazo?

- A) O grosor óseo que cobre o xerme do dente sucesor.
- B) O estado de erupción dos dentes adxacentes.
- C) A curva de Spee.
- D) Todas as respostas son correctas.

71. Entre os signos e síntomas orais do mieloma múltiple sinala a resposta correcta:

- A) As características clínicas e radiográficas do mieloma son inespecíficos e compatibles con moitas outras entidades.
- B) A forma de presentación oral máis frecuente adoita ser tumoración e dor.
- C) Pode cursar con mobilidade dental, hemorraxias e fracturas óseas.
- D) Todas as respostas son correctas.

72. Cal das seguintes manifestacións orais non se presenta na esclerodermia?

- A) Microstomía.
- B) Telanxiectasias en padal duro e labios.
- C) Rixidez lingual.
- D) Todas as respostas anteriores poden atoparse na esclerodermia.

73. Entre os fármacos que se poden utilizar como analxésicos adxuvantes NON se atopa:

- A) Naloxona.
- B) Clorpromazina.
- C) Carbamazepina.
- D) Amitriptilina.

74. Sinala que indicadores biolóxicos se utilizan para o control do proceso de esterilización:

- A) Bacillus stearothermophilus e bacillus Subtilis.
- B) Bacillus cereus e bacillus thuringiensis.
- C) Bacillus pasteurii.
- D) Todas as respostas son falsas.

75. Cal das seguintes exodoncias de terceiros molares inferiores considera menos complicada?

- A) Posición distoangular (Winter).
- B) Clase C (Pell e Gregory).
- C) Presenza de dúas raíces anchas.
- D) Raíces estreitas e longas.

76. Acode á consulta unha nena de seis anos que presenta lesións ao redor da boca e o nariz en forma de cotras melicéricas. Debemos pensar en:

- A) Queilite angular.
- B) Impétixe.
- C) Herpanxina.
- D) Enfermidade man-pé-boca.

77. En relación á síndrome de Ramsay Hunt é certo que:

- A) Está relacionado coa reactivación do virus do herpes simple.
- B) O virus afecta ao ganglio xeniculado.
- C) Cursa con dor e parálise facial contralateral.
- D) As respostas B e C son correctas.

78. Neno de 4 anos que perde o dente 51 por un balonazo na cara:

- A) Si o tempo extrabucal seco é menor de 1 hora ou foi mantido hidratado en medio fisiolóxico, debo proceder ó seu reimplante inmediato.
- B) Debo curetear o alvéolo para que esté o máis limpo posible.
- C) As respostas A e B son verdadeiras.
- D) As respostas A e B son falsas.

79. Á consulta acode un paciente con dor xorda, bilateral de intensidade leve-moderada, que describe unha presión coma se levase un gorro axustado, que non aumenta coa actividade física. Debemos pensar:

- A) Neuralxia do trixémimo.
- B) Migraña.
- C) Cefalea tensional.
- D) Cefalea en salvas.

80. Dentro dos tumores benignos da mucosa oral de orixe mesenquimatoso, non se atopa:

- A) Fibroma.
- B) Lipoma.
- C) Queratoacantoma.
- D) Granuloma pioxénico.

81. A mucosa oral localizada na cara ventral da lingua é de tipo:

- A) De transición ou semimucosa.
- B) De revestimento.
- C) Mastigatoria.
- D) Especializada.

82. Indica cal dos seguintes fármacos se podería utilizar nunha paciente embarazada no 2º trimestre de xestación:

- A) Ácido acetilsalicílico.
- B) Metronidazol.
- C) Prilocaína.
- D) Ampicilina.

83. Nun paciente con disfunción hepática, sinale cal dos seguintes fármacos NON estaría indicado:

- A) Paracetamol.
- B) Prednisolona.
- C) Estolato de eritromicina.
- D) Estearato de eritromicina.

84. En canto á restauración dun dente endodonciado que afirmación é certa:

- A) Actualmente a restauración coronal é tan ou máis importante para a saúde periapical que a calidade do tratamento endodóntico. Se non hai paredes remanentes hai que determinar se existe ferrule.
- B) As solucións irrigantes van producir superficialmente unha redución do módulo de elasticidade, da resistencia á flexión e da microdureza da dentina radicular.
- C) É importante preservar a dentina pericervical que é a comprendida entre os 4 mm en dirección apical e os 4 mm en dirección coronal desde a creta ósea.
- D) Todas son certas.

85. No diagnóstico diferencial da dor dos trastornos temporomandibulares, sinala a resposta falsa:

- A) Cando a orixe da dor coincide coa zona de dor sinalada polo paciente, o bloqueo cun anestésico local na zona da dor eliminará temporalmente o síntoma.
- B) Nas dores heterotópicas a anestesia local do punto gatillo calmará o síntoma doloroso.
- C) Nas dores heterotópicas a anestesia local do punto gatillo non calmará a dor.
- D) Nas dores heterotópicas a anestesia local na zona da dor non calmará a dor.

86. Como actuariamos na consulta ante un neno de 5 anos clasificado na escala de Frankl como F2?

- A) Aplicando a estratexia "dicir-mostrar-facer".
- B) Respondendo ás preguntas e dúbidas de modo amigable.
- C) Permitindo que un adulto permaneza cerca do neno.
- D) Todas as respostas son correctas.

87. Sinala a resposta correcta:

- A) O osteosarcoma é un tumor benigno.
- B) O osteoblastoma é un tumor maligno
- C) O osteoma é un tumor maligno.
- D) Todas as respostas son falsas.

88. Dos seguintes fármacos indica cal posee efecto disulfiran ou efecto antabus:

- A) Metronidazol.
- B) Ketoconazol.
- C) As respostas A e B son falsas.
- D) As respostas A e B son correctas.

89. En relación ao cancro oral, cal das seguintes afirmacións NON é certa:

- A) O tabaco é un dos factores de risco máis importantes.
- B) Existe unha relación dose resposta en relación ao consumo de alcol e o risco de desenvolver cancro oral.
- C) Os carcinomas de células escamosas relacionados co virus do papiloma humano localízanse fundamentalmente en labio e mucosa xugal.
- D) As respostas B e C son falsas.

90. Paciente de 82 anos polimedicado que acude a consulta por “resequidade na boca”. Qué podemos encontrar na súa historia clínica?

- A) Paciente tratado con radioterapia.
- B) Paciente tratado con antidepresivos.
- C) Paciente tratado con antihipertensivos
- D) Podemos encontrar cualqueira das opcións anteriores.

91. En canto ás lesións endoperiodontais que afirmación é falsa:

- A) As principais vías de comunicación son o foramen apical, os condutos laterais e os túbulos dentinarios expostos.
- B) As lesións endoperio combinadas verdadeiras teñen un mellor prognóstico en dentes monorradiculares.
- C) As lesións endodónticas primarias con compromiso periodontal secundario, as probas de sensibilidade son negativas e a sondaxe será estreita e en forma de túnel.
- D) As lesións periodontais primarias con afectación pulpar secundaria non se asocian a tractos sinusais e a nivel radiolóxico adóitanse observar lesións óseas angulares na porción cervical.

92. Cal dos seguintes fármacos está totalmente contraindicado no embarazo?

- A) Eritromicina (con sales de estearato).
- B) Paracetamol.
- C) Amoxicilina clavulánico.
- D) Estreptomina.

93. Acode a consulta da nosa U.S.B un neno de seis anos cos primeiros molares definitivos completamente erupcionados que deberán ser selados. Con respecto ao selador que afirmación é errónea:

- A) Os estudos máis recentes recomendan seladores sen carga e de resina.
- B) Deberíanse de revisar periodicamente xa que o efecto preventivo aumenta cando se repón o selador se se perde total ou parcialmente.
- C) Aínda que tivese unha lesión incipiente de carie que non diagnosticásemos ao bloquear a achega de substancias fermentables, as bacterias non poden executar o seu potencial cariogénico.
- D) Todas son verdadeiras.

94. A imaxe sialográfica arrosariada ou en perdigonada é típica de:

- A) Parotidite endémica.
- B) Sialoadenite crónica obstrutiva
- C) Sialoadenite aguda supurada.
- D) Sialoadenite

95. Sobre a chamada placa dental ou biopelícula oral sinale a afirmación falsa:

- A) Na etapa de colonización primaria da película adquirida os microorganismos son principalmente Streptococcus do grupo mitis.
- B) Os microorganismos da placa dental están embebidos, mesturados e rodeados dunha matriz extracelular.
- C) A matriz extracelular representa entre un 15–20 % do volume da placa.
- D) Os microorganismos representan ao redor do 15–20 % do volume da placa.

96. Neno de 8 anos que tras unha caída perde o dente 21. Qué procedemento é incorrecto?

- A) Reimplantalo inmediatamente si vexo ó neno nos 45 minutos seguintes ó traumatismo.
- B) Curetear o alvéolo antes do reimplante.
- C) Suturar e ferulizar con resina aproximadamente 10 días.
- D) Todas son correctas.

97. Con respecto ao lique plano oral é certo que:

- A) A bilateralidade e simetría das lesións é sempre un criterio diagnóstico.
- B) En casos atípicos debería realizarse un exame por inmunofluorescencia directa para excluír condicións tales como lupus eritematoso.
- C) O consumo de tabaco e alcol, así como a infección por VHC aumentan o risco de transformación maligna.
- D) Las respuestas B e C son certas.

98. Un dos seguintes NON está incluído entre os principais factores de risco da periodontite:

- A) Tabaquismo.
- B) Diabete melitus.
- C) Bacterias específicas.
- D) Factores psicosociais.

99. Segundo a revisión realizada polo Centro Colaborador da OMS para o Cancer Oral (WHO Collaborating Centre for Oral Cancer) no ano 2020, dentro das desordes potencialmente malignos NON se atopa:

- A) Lesión liquenoide oral.
- B) Enfermidade de enxerto contra hóspede.
- C) Fibrose oral submucosa.
- D) Pénfigo.

100. Cando un neno 4 anos acode á consulta da unidade de saúde bucodental que afirmación é falsa:

- A) Control de placa con revelador.
- B) Se o seu risco é moderado/alto de carie realizarase revisión cada 3 meses e aplicarase verniz de clorhexidina e verniz de flúor coa devandita periodicidade.
- C) Valoración de carie.
- D) Valoración da oclusión para detectar posibles alteracións.

Preguntas de reserva

1. De que tipo de quiste falamos si vemos unha lesión radiolúcida asociada á coroa dun 38 non erupcionado?

- A) Quiste de erupción
- B) Quiste dentíxero
- C) Queratoquiste odontoxénico
- D) Quiste lateral periodontal

2. A nivel microscópico, como se denomina á lesión elemental que se presenta con destrución das unións celulares no estrato espiñoso?

- A) Exocitose.
- B) Acantose.
- C) Esponxiose.
- D) Acantólise.

3. Que capa non atopamos nas zonas non queratinizadas da mucosa oral?

- A) Estrato xerminativo.
- B) Estrato córneo.
- C) Estrato granuloso.
- D) Estrato espiñoso.

4. Entre as lesións comunmente asociadas á infección por VIH NON atoparemos:

- A) Candidiase eritematosa e pseudomembranosa.
- B) Leucoplasia vellosa.
- C) Sarcoma de Kaposi.
- D) Linfoma de Hodgkin.

5. Ante un paciente con absceso periodontal agudo, en que caso NON prescribirías un antibiótico:

- A) Infección ben localizada.
- B) Bolsa profunda, inaccesible.
- C) Linfadenopatía rexional.
- D) Sempre o prescribiría.

6. Non é contraindicación da exodoncia:

- A) Infección activa.
- B) Dentes en área irradiada recentemente.
- C) Embarazo.
- D) Todas son contraindicacións.

7. Sinala a resposta falsa sobre os cálculos pulpares:

- A) Aumentan coa vellez.
- B) Poden ser secundarios a abrasións ou traumatismos.
- C) Non hai que tratalos.
- D) Aparecen sobre todo en incisivos.

8. En canto ao control químico da placa con clorhexidina, sinale a afirmación verdadeira:

- A) A baixas concentracións é bactericida e a altas é bacteriostática.
- B) Demostrouse que a clorhexidina en colutorio é máis efectiva cando se utiliza un minuto que 30 segundos.
- C) Utilízase en pacientes de alto risco, na carie radicular e na interferencia da transmisión do Streptococcus do grupo mutans nai e fillo.
- D) A clorhexidina a altas concentracións en forma de xel e verniz demostrouse que non pode manter baixos os niveis de Streptococcus mutans a medio prazo.

9. Indica a resposta falsa ante un paciente que cursa con trombocitose e que acode á consulta dental:

- A) Debe evitarse tratamento dental en recontos plaquetarios superiores a $800.000\text{plaq}/\text{mm}^3$ xa que, paradoxicamente, niveis moi altos poden asociarse con hemorraxias orais.
- B) Debe evitarse o uso de ácido acetilsalicílico como analxésico.
- C) Os signos orais de trombocitose poden ser hemorraxias xinxivais e equímoses.
- D) Nas trombocitoses, ao estar alto o reconto plaquetario, non hai risco de hemorraxias orais polo que non se debe ter ningunha precaución.

10. No crecemento sutural do maxilar superior, sinala que suturas pertencen ao sistema de suturas circunmaxilares:

- A) Sutura frontomaxilar.
- B) Sutura cigomácticotemporal.
- C) Sutura pterigopalatina.
- D) Todas son suturas circunmaxilares que interveñen no desprazamento secundario do maxilar superior.